

EXPT. Nº 20L/2015- ENTIDADE LOCAL: SERVIZO DE "ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA"

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 07/09/2015 esta alcaldía asinou a seguinte proposta que a continuación se transcribe:

### "INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Sendo necesario o mantemento dos sistema informático do concello e dado que no mesmo no existe persoal especializado para realizar esta tarefa é polo que compre a contratación da prestación do servizo.

En base ao anterior, **dispoño:**

**Primeiro:** Ordear a incoación do expediente de contratación do servizo de "Asistencia técnica informática", cun orzamento máximo de licitación e valor estimada do mesmo, co IVE, de 19.481,00 EUROS por un prazo de **SETE (7) MESES** contado a partir do 19 de setembro de 2015.

**Segundo:** Solicitar a **David Gonzalez Abal - DGA Informática** oferta respecto á prestación deste servizo e a presentación da documentación necesaria. "\*\*\*\*\*"

*Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requerida a DAVID GONZÁLEZ ABAL, en data 15/09/2015 (entrada nº 9547), esta alcaldía, resolve:*

**Primeiro:** Adxudicar a execución do servizo de "Asistencia técnica informática" á **DAVID GONZÁLEZ ABAL** de acordo á oferta presentada, polo importe de **DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E TRES (2.783,00) Euros** ó mes (con IVE), e unha duración de **SETE (7) MESES**.

**Segundo:** Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria **92002/22706** por un importe de **19.481,00 Euros** (con IVE).

**Terceiro:** **No prazo máximo de quince (15) días hábiles** a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**. Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía.

Dada en Sanxenxo a dezasete de setembro de dous mil quince.

O alcalde

  
Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario accidental

  
Luis Ángel Sabariz Relán